


Cal morto xa  
ou vencido  
falo sen min  
e durmo  
no desastre.  
Devera ser posible  
facer mapas do odio  
e os húmidos  
monólogos  
das cisternas  
de noite  
describir.

#### CARTOGRAFÍA

Naceu en Monforte de Lemos no ano 1958. Con dezasete anos marchou a Madrid para continuar os seus estudos e alí fundou, xunto con Antón Patiño, Xosé Manuel Pereiro e Manuel Rivas, a revista Loia, que só coñeceu catro números (o último de 1978). En vida Pereiro só publicou dúas obras, "Poemas 1981/1991 (1992) e "Poesía de amor e enfermidade" (1995), duros e espidos poemarios en que se fan patentes as pegadas expresionistas, as referencias á literatura xermánica e certos trazos da contracultura. A morte sobreviñalle na cidade Coruña en 1996.

#### LOIS PEREIRO



# LOIS PEREIRO

LETRAS GALEGAS

2011

